



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E SEIS DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E UN
(ACTA NÚMERO 12)

Presidenta:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

Sres. Deputados:

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luís Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinte e seis de marzo de dous mil vinte e un**, baixo a Presidencia da Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, por ausencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten o Sr. Presidente D. José Tomé Roca, e a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DEZAOITO DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dezaoto de marzo de dous mil vinte e un que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS CO OBXECTO DE PROCEDER Á CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AUDITORÍA DA CONTA ANUAL DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de servizo de auditoría da conta anual do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento, consta no mesmo:

1. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7HYCBZPANPRGHSBU6RAITFGU
2. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7HYCBZF347X3P7YIXN54CX44.
3. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7H6YPYDINSVSW7QIU4LZ7SF4.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: IV7HYLPJBMJPJHESS75EIAQPDY.



5. Informe xurídico asinado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7HYLPPFRZPZWMJST6MFYPA44
6. Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1. Aprobar a contratación do servizo de auditoría da conta anual do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento. O prazo de duración do contrato esténdese dende a formalización do contrato – ou documento de aceptación da resolución de adxudicación por parte do contratista- ata o 14 de marzo de 2022, sendo o prazo de execución máximo ata o 15 de setembro de 2021. Establécese a posibilidade de dúas prórrogas, dende o 15 de marzo de 2022 ata o 14 de marzo de 2023 e dende o 15 de marzo de 2023 ata o 14 de marzo de 2024. En caso de prórroga o prazo de execución dos traballos será de 6 meses (entre o 15 de marzo e o 15 de setembro de cada anualidade).

2. Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente. De acordo co establecido no artigo 159.6 letra b) da LCSP, neste procedemento simplificado “sumario”, eximirase aos licitadores da acreditación da solvencia económica e financeira e técnica ou profesional. Os criterios de puntuación recóllense de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público. Incorporárase á contratación o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como criterio de desempate, así como nas condicións especiais de execución e esixencia de cumprimento da normativa laboral.

3. Aprobar o procedemento de adxudicación, que é o procedemento simplificado “sumario”, dado o importe da licitación, con pluralidade de criterios de adxudicación, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade,

transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; de conformidade co previsto na normativa; e dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4. Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 5.500,00 euros, aos que se engadirán 155,00 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 6.655,00 euros”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS CO OBXECTO DE PROCEDER Á CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ENSILADO DE 80 HA. DE HERBA EN PARCELAS DA GRANXA GAYOSO CASTRO, PROPIEDAD DA DEPUTACIÓN DE LUGO, PARA ALMACENAR FORRAXE CO QUE ALIMENTAR OS ANIMAIS DURANTE O ANO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do servizo de ensilado no ano 2021 da Granxa Provincial “Gayoso Castro” propiedade da Excma. Deputación Provincial de Lugo, consta no mesmo:

1. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7HYH2Y3J4S4SPPZQIWAAKAJ4
2. Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7HYTYLBM443OOIWBVAM4JFAY
3. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7HYH26LVM3RK6J6YQT4DTTL4
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7HYL7YJA724X4NTTW447XE4E
5. Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral Adxunta, con CSV: IV7HYIDLBR73LXOYUA5EOETCB4



6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV:
IV7HYIJ7OFPMR3OKUT7UEMKO4I

Á vista do exposto, remítase o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

I. Aprobación da contratación do servizo de ensilado no ano 2021 da Granxa Provincial “Gayoso Castro” propiedade da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

II. Aprobación do contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recolle para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, considerando a sinxeleza das operacións a realizar.

III. Aprobación e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento simplificado “sumario”, dado o importe da licitación, con un único criterio de adxudicación, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

IV. Aprobación do gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 22.880,00 euros (IVE engadido correspondendo a partida do IVE a 2.080,00), con cargo ó orzamento da anualidade 2021 . Existindo consignación, na aplicación orzamentaria correspondente 4120.22799”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE 49 DESFIBRILADORES AUTOMÁTICOS DESA.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 23 de marzo de 2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“ANTECEDENTES:

1. Solicitud de consignación orzamentaria, con CSV: IV672TLMFRBSJ2O4XTWE4QJFME
2. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV6722JTPQJLROM4I6CABZB4M
3. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7GYWTNHB4S5PR3YVARMEA6CY
4. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7GYWTCDP7PJH7JAFXUKRRQKQ
5. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7GESXKJ4XN6RH4YJQS44RTHY.
6. Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral Adxunta, con CSV: IV7GESXTCAFN7NF22BNGKHTQMU
7. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7GEWKLHUWPXSXZUYGCMM3E6A
8. Proposta de Presidencia, con CSV: IV7GEWR7MFPDVRNS3VQQ4DXHIA
9. Acordo da Xunta de Goberno, de data 18 de decembro do 2020, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7GEHTSNFWNX6F5RXWQEHZBOU



10. Publicación, o día 21 de decembro do 2020, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).
11. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.
12. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 15 de xaneiro do 2021, na que se recolle o seguinte:
13. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 12 de febreiro de 2021, na que se recolle o seguinte:

“En primeiro lugar dáse conta aos asistentes de que a empresa CARDIOSAFE S.L., non presentou a ficha técnica dos desfibriladores obxecto do contrato (solicitada pola mesa de contratación na súa reunión do día 15 de xaneiro de 2021, co obxecto de verificar que cumpren os requisitos mínimos esixidos no PPT). Tendo en conta que as condicións que afectan exclusivamente á execución do contrato só poden esixirse ao adxudicatario do mesmo no momento preciso da súa execución invocando ao carácter de lex contractus dos pregos, considera a mesa de contratación que nesta fase do procedemento a falta de acreditación do cumprimento non constitúe per sé causa de exclusión, posto que non é posible constatar que a proposta non se axusta aos requisitos mínimos esixidos.

Acto seguido dáse conta aos asistentes do informe de Prevención, con CSV: IV7HQ3X2DQJPX3R4WYEVN5AB6I, no que se recolle que as empresas ANEKS3 S.L. e PROMEDISA LUGO S.L. “ofertan o mesmo equipo DESA modelo AED PLUS da marca ZOLL Medical, que reúne os requisitos esixidos no PPT”. No tocante á vida útil do ben, recóllese neste informe que “que a empresa ANEKS3 S.L. presenta un certificado de vida útil de dez anos e a empresa PROMEDISA LUGO S.L. achega outro certificado de sete anos, ambos expedidos pola marca ZOLL”.

A mesa de contratación con base no informado polo servizo técnico, acorda elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

1º.-Aceptar a xustificación da oferta presentada polas empresas ANEKS3 S.L. e PROMEDISA LUGO S.L. e clasificar por orde decrecente, as propostas presentadas, aceptadas e non declaradas desproporcionadas ou anormalmente baixas, de acordo co artigo 150 da LCSP e a cláusula 13 do PCAP, co seguinte resultado:

Nº ORDE	LICITADOR	NOTA PREZO OFERTADO	NOTA GARANTÍA OFERTADA	NOTA TOTAL
1	ANEKS3 S.L.	70,00	30	100,00
2	PROMEDISA LUGO S.L.	61,58	21	82,58
3	CARDIOSAFE S.L.	62,85	15	77,85

2º.- Requirir á empresa ANEKS3 S.L. para que, dentro do prazo de DEZ DÍAS HÁBILES, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas”

14. Resolución da Presidencia de data 08 de marzo de 2021, pola que se aproba a Proposta da mesa de contratación do día 12 de febreiro de 2021, e consecuentemente requírese á empresa ANEKS3 S.L., a documentación relacionada no artigo 150 da LCSP e na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.
15. Consta no expediente requirimento de documentación administrativa cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 10 de marzo de 2021

Reunida a Mesa o día de hoxe, en primeiro lugar, procedeuse ao exame da documentación presentada cos seguintes resultados:

1. Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 84 da LCSP e 21 RXLCAP):

- O licitador presenta fotocopia do CIF da empresa e fotocopia do DNI do representante, D. Rubén Campo González
- Achega escritura outorgada o día 20 de febreiro de 2009, ante o Notario do Ilustre Colexio de Madrid, D. Segismundo Álvarez Royo-Villanova, número 2237 de protocolo. Segundo se



recolle no certificado do ROLECE, aportado pola empresa, ésta ten como obxecto social a prestación de servizos de comercialización e distribución de desfibriladores con cursos e material anexo.

Non é preciso bastanteo de poder, posto que o asinante da proposición ten a condición de administrador único da empresa e dito extremo é comprobable co certificado do ROLECE que achega o licitador.

2. Consta recibo de pagamento do IAE, epígrafe 659.3. Comercio al por menor de aparatos e instrumentos médicos, ortopédicos, ópticos y fotográficos. Achega declaración responsable na que se recolle que a empresa non causou baixa no IAE.

3. Aporta certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedida pola Axencia Tributaria o día 01 de marzo de 2021.

4.-Consultouse ao servizo de recadación da Deputación Provincial de Lugo, no relativo as débedas coa administración contratante, incorpórase certificación expedida por este servizo ao expediente.

5. Envía certificación administrativa que acredita estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social do día 01 de marzo de 2021.

6. Consta declaración responsable do día 11 de marzo de 2021 de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.

7. Incorpórase ao expediente carta de pagamento da garantía definitiva, do 16 de marzo de 2021, incorpórase ao expediente bastanteo da Asesoría Xurídica da Deputación Provincial de Lugo.

8. No relativo aos documentos acreditativos da solvencia económica e financeira, achega contas anuais, depositadas no rexistro mercantil de Madrid, na que se recolle unha cifra de negocio para a anualidade 2018 e 2019 superior ao umbral mínimo esixido nos PCAP.

9. No tocante á solvencia técnica achega relación das principais subministracións realizadas de igual ou similar natureza que as que constitúen o obxecto do contrato por importe superior ao umbral mínimo esixido no PCAP. Non se acompaña a relación de traballos realizados de certificados de boa execución. O licitador aporta tres actas de recepción- unha delas con observacións que non se achegan- que acredita a entrega dos bens aos efectos do disposto no artigo 305.3 da LCSP (non acreditan a execución dos traballos ou que os bens entregados son aptos para o fin pretendido). Achega informe de Metro de Madrid e Metrovalencia no que se

fai constar que a empresa foi contratada para a realización de diversos traballos, non obstante- segundo se recolle nos informes achegados polo licitador- ambos contratos aínda se atopan en fase de execución. A tenor da literalidade do PCAP, a mesa de contratación acorda dar por válida a solvencia achegada, posto que no prego se recolle que *“As subministracións realizadas acreditaranse mediante certificados ou visados expedidos polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañada dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación”*

Polo que vai dito e en base ao mesmo, propónse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa ANEK S-3 S.L., a contratación da subministración de 49 desfibriladores semiautomáticos DESA, por importe de 42.455,70 euros, aos que se engadirán 8.915,70 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 51.371,40 euros, cun prazo de garantía de 10 anos.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS TÉRMICAS E O CONTROL E



PREVENCIÓN DA LEXIONELOSIS NOS CENTROS PERTENCENTES Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 23 de marzo de 2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“ANTECEDENTES:

1. Orde de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV674KQYZZJ7QWVGJ4EFXAXYOL¹
2. Prego de prescricións técnicas con CSV: IV67623LZ76MRRGIVU7X64ZH4M
3. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV6766ICABOTXDJC5T5RMRDOJY
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV676CTTNFX65NPN6NAWIADG54
5. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV676CSLBVG45TPNAQ6HGURA6A
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV676C3MEAUZLOX3SQGCKUYB4M
7. Proposta de Presidencia, con CSV: IV676AL3DFP6RZMJ2MEA6AT64I
8. Acordo da Xunta de Goberno de data 24 de xullo de 2020, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV676EC2CAVJLGBL4Q6S7ZT6F4
9. Acta da Mesa de contratación do día 15 de setembro de 2020, con CSV IV7GU3HTFPX67XE63R6EJYBQCQ, na que se recolle o seguinte:

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

“Deuse conta que, segundo os datos obrantes na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento foron os seguintes:

ANGEL ROADE S.L.

CLECE S.A.

SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO S.A.

VEOLIA SERVICIOS NORTE S.A.U.

Tendo en conta que as empresas concorrentes presentan en tempo e forma a súa proposta, procédese á apertura e exame do sobre A, documentación administrativa, resultando que as licitadoras presentan as declaracións responsables esixidas nos pregos de cláusulas administrativas debidamente.

Na declaración presentada pola licitadora Servicios Integrales de Gestión y Mantenimiento S.A., relaciona unha serie de empresas que forman grupo segundo o artigo 42 do Código de Comercio, sen especificar si se presentan ou non a presente licitación. A Mesa de contratación comproba que ningunha das empresas relacionadas se presenta á licitación.

A Mesa de Contratación acorda admitir as propostas das mesmas ao proceso de adxudicación e proceder á apertura pública do sobre B (sobre electrónico), relativo aos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, recollidos no PCAP, resultando que as licitadoras presentan a documentación. A Mesa acorda enviar a documentación contida nos sobres B presentados polas licitadoras a informe e valoración do Servizo de Arquitectura.”

10. Acta da Mesa de Contratación do día 29 de decembro de 2020, con CSV IV7GG3CSPTUJ2TVDSYWXCBQQP4, na que se recolle o seguinte:

“PRIMEIRO.- Valoración criterios baseados en xuízos de valor.

Con anterioridade á celebración da Mesa, enviouse copia aos asistentes do informe de data 23 de decembro de 2020, de criterios de avaliación non avaliábeis automaticamente ou suxeitos a xuízo de valor, con sinatura electrónica de Dña. Mónica Marras Mosquera, Xefa do Servizo de Arquitectura, que conclúe o seguinte:



	Angel Roade	Clece	Mantontal	Veolia
"mejoras administrativas"	8,00 pto	10,00 pto	10,00 pto	10,00 pto
"plan de mantenimiento"	0,50 pto	3,40 pto	1,00 pto	3,90 pto
"mejoras técnicas"	0,00 pto	0,00 pto	0,00 pto	0,00 pto
TOTAL	8,50 pto	13,40 pto	11,00 pto	13,90 pto

O informe foi asumido polos integrantes da mesa de contratación e as puntuacións son as que se reproducen no cadro precedente.

SEGUNDO.- Apertura criterios avaliados automaticamente.

Acto seguido procedeuse á apertura pública do sobre C (criterios cuantificables mediante cifras, porcentaxes ou valores automáticos):

LICITADORES	Prezo do mantemento programado durante dous anos (SEN IVE)	Redución porcentual sobre os prezos máximos de subministración de material	Prezo por hora da man de obra (SEN IVE)	Redución do tempo de resposta estipulado no prego
ANGEL ROADE S.L.	156.343,79 €	20%	22 € /h	2 hs
CLECE S.A.	76.021,64 €	20%	18,92 € /h	2 hs
SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO S.A.	152.747,00 €	30%	22 € /h	2 hs
VEOLIA SERVICIOS NORTE S.A.U.	130.810,00 €	35%	20 € /h	1,5 hs

O apartado F do Cadro resumo do PCAP dispón:

“ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN: Ascende a 166.864,00 €, ao que se aplicará un IVE (21%) de 35.041,44 €, o que fai un total de 201.905,44 € (para unha duración de DOUS ANOS), que se desglosan da seguinte maneira:

- Importe mantemento programado: 126.864,00 euros máis 26.641,44 en concepto de IVE, o que fai un total de 153.505,44 euros.
- Importe mantemento correctivo ou modificativo en concepto de man de obra: 20.000 euros máis 4.200 euros en concepto de IVE, o que fai un total de 24.200 euros (máximo 30 euros/hora).
- Importe mantemento correctivo ou modificativo en concepto de materiais: 20.000 euros máis 4.200 euros en concepto de IVE, o que fai un total de 24.200 euros.”

Polo tanto, o orzamento base de licitación resulta da suma dos importes máximos de licitación das diferentes prestacións que contén o contrato. Ditas prestacións, así mesmo, teñen o seu reflexo nos diferentes criterios de puntuación, de xeito que o parcial das mesmas ten igualmente carácter limitativo.

O apartado N do Cadro resumo do PCAP dispón, para o criterio 4, prezo do mantemento programado:

(...) “As proposicións en branco e as que excedan do prezo máximo de licitación serán excluídas”

Sendo que o prezo máximo de licitación para o mantemento programado é de 126.864,00 euros máis 26.641,44 en concepto de IVE, o que fai un total de 153.505,44 euros, as licitadoras ANGEL ROADE S.L., SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO S.A. e VEOLIA SERVICIOS NORTE S.A.U. realizan ofertas por encima do tipo de licitación polo que, de acordo co artigo 84 do RXLCSP procedería a súa exclusión.

A continuación realízase o cálculo para identificar a existencia de posibles baixas desproporcionadas ou anormais, sendo o resultado o seguinte.

Segundo o disposto no apartado N do Cadro resumo do PCAP, criterio 4, prezo do mantemento programado:

(...)“Aos efectos de identificación e avaliación de ofertas anormais ou desproporcionadas estarase ó disposto na cláusula 13 deste PCAP, utilizarse a oferta presentada neste criterio por ser a prestación principal”.

De acordo con isto, comprobouse que a licitadora admitida, CLECE S.A. se atopa en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa, segundo o disposto no artigo 149 da LCSP e a cláusula 13.1. do PCAP, xa que a oferta, en canto ao termo prezo do mantemento programado é inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.

Para un orzamento base de licitación de 126.864€ e a oferta presentada por CLECE S.A. de 76.021,64 €:

-> 25 % orzamento base 126.864 €: 31.716 €.

-> Oferta mínima %: 95.148 €.

-> Baja %: 40.08 %.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade adoptar o seguinte acordo:



1.- Excluir do procedemento de licitación ás licitadoras ANGEL ROADE S.L., SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO S.A. e VEOLIA SERVICIOS NORTE S.A.U. por realizar ofertas por encima do tipo de licitación.

2.- Conceder o trámite de xustificación da oferta presentada, previsto no art. 149.4 da LCSP, en relación coa cláusula décimo terceira do PCAP que rexe esta licitación, por un prazo de 10 DÍAS HÁBILES, ao encontrarse a súa oferta en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa, ao licitador CLECE S.A.”

11.- Acta da Mesa de Contratación de data 27 de xaneiro de 2021, con CSV IV7HWPHZHEM5ZP4S2EGBJ73RP4, que recolle o seguinte:

En primeiro lugar, infórmase á Mesa de que, tal e como acordara na sesión de 29 de decembro de 2020, concedeuse o trámite de xustificación da oferta presentada, previsto no art. 149.4 da LCSP, en relación coa cláusula décimo terceira do PCAP que rexe esta licitación, por un prazo de 10 días hábiles, ao único licitador non excluído, CLECE S.A., ao encontrarse a súa oferta en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa.

A licitadora presentou no prazo establecido a xustificación, que foi trasladada ao Servizo de Arquitectura, que concluíu o seguinte:

(...) “A la vista del escrito presentado por CLECE S.A. consideramos que la parte de su oferta en la que la Mesa de Contratación aprecia “baja desproporcionada o anormal” está suficientemente desarrollada y justificada según lo establecido por el apartado 4 del artículo 149 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre de Contratos del Sector Publico, por lo que a juicio del técnico que suscribe la Mesa puede considerar y aceptar la oferta de este licitador.”

A continuación, procédese á valoración dos criterios avaliados automaticamente que, sumada á puntuación dos criterios sometidos a xuízo de valor, danos o seguinte resultado de valoración da oferta da licitadora admitida, CLECE S.A.:

Criterios sometidos a xuízo de valor	Prezo do mantemento programado durante dous anos	Redución porcentual sobre os prezos máximos de subministración de material	Prezo por hora da man de obra	Redución do tempo de resposta estipulado no prego	TOTAL
13,40	40	13	12	10	88,40 PUNTOS

Visto canto antecede, a mesa de contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

1.- Excluir do procedemento de licitación ás licitadoras ANGEL ROADE S.L., SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO S.A. e VEOLIA SERVICIOS NORTE S.A.U., de conformidade co acordado na Mesa de Contratación celebrada o 29 de decembro de 2020, acta con CSV IV7GG3CSPTUJ2TVDSYWXCBBQP4, por realizar ofertas por encima do tipo de licitación.

2.- Asumir como propio o informe realizado polo Servizo de Arquitectura sobre a xustificación da oferta económica da licitadora CLECE S.A..

3.- Outorgar á licitadora admitida a seguinte puntuación e clasificar atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CLECE S.A.	88,40

4.- Requerir á empresa CLECE S.A. para que, dentro do prazo de DEZ DÍAS HÁBILES, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 do LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.”

12.- Acta da Mesa de Contratación de 8 de febreiro de 2021, con CSV IV7HRTP2PZVLYW6NSEPEORATL4, que recolle o seguinte:



“A Mesa toma razón do recurso especial en materia de contratación, nº 27/2021, interposto por Veolia Servicios Norte S.A.U. e acorda ratificar as actuacións levadas a cabo por esta Mesa e, polo tanto, que procedería informar ó recurso ratificando á exclusión da recorrente, considerando que excede o tipo de licitación de unha das prestacións, recollida de xeito separado no cadro de características, co seu criterio de puntuación, referido a dito orzamento limitativo de licitación, no que recolle de xeito expreso que a súa superación implica a exclusión do licitador.

Dacordo co apuntado polo Letrado Asesor especialista en consultivo-contratación non procede formular requirimento de subsanación da oferta económica formulada por VEOLIA, por canto excede o tipo de licitación de unha das prestacións, amosando conformidade a mesa con dita manifestación por resultar contrario ós principios da contratación pública posibilitar dita subsanación.

A mesa por tanto, entende que procedería a desestimación do recurso, propoñendo ó órgano de contratación que formule informe ó recurso nestes termos dando traslado ó servizo de contratación para que redactado o informe e elevado o órgano de contratación lle de traslado ó TACGAL.”

13. Dación de conta á Xunta de Goberno celebrada o 19 de febreiro, da Resolución 41/2021 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de 18 de febreiro de 2021, pola que se acorda:

“Desestimar o recurso interposto por VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U. contra a súa exclusión da contratación dun servizo de mantemento de instalación térmicas e o control e prevención de legionela nos distintos centros pertencentes á Deputación Provincial de Lugo, expediente EXP028SE20ABO desa Deputación.”

14. Decreto de 1 de marzo de 2021, con CSV IV7H4KB4ZAXD52U46M7X4MKP4Y, polo que se resolve:

“1. Excluir do procedemento de licitación ás licitadoras ANGEL ROADE S.L., SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO S.A. e VEOLIA SERVICIOS NORTE S.A.U., de conformidade co acordado na Mesa de Contratación celebrada o

29 de decembro de 2020, acta con CSV IV7GG3CSPTUJ2TVDSYWXCBBQP4, por realizar ofertas por encima do tipo de licitación.

2.- Asumir como propio o informe realizado polo Servizo de Arquitectura sobre a xustificación da oferta económica da licitadora CLECE S.A..

3.- Outorgar á licitadora admitida a seguinte puntuación e clasificar atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CLECE S.A.	88,40

4.- Requirir á empresa CLECE S.A. para que, dentro do prazo de DEZ DÍAS HÁBILES, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 do LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.”

15. Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 23 de marzo de 2021, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, dáse conta de que, no servizo de contratación, e con carácter previo á constitución da mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da LCSP, procedeuse á apertura do requirimento de documentación administrativa, cursado a través da Plataforma de contratación do sector público o día 4 de marzo de 2021 a CLECE S.A., con prazo de presentación ata o día 18 de marzo.

A empresa atendeu ao requirimento a través da Plataforma de Contratos do Sector Público o día 17 de febreiro de 2021, dentro de prazo.

Acto seguido procedeuse ao exame da documentación presentada co seguinte resultado:

1. Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 84 da LCSP e 21 RXLCAP):



Presenta CIF da empresa e escritura de elevación a público de acordos sociais, de data 28 de outubro de 2014, inscrita no Rexistro Mercantil de Madrid, na que consta como obxecto social a prestación de servizos integrais ás empresas e particulares.

Aporta DNI e escritura de apoderamento solidario de D. Miguel Ángel Esteve Andrés, considerada bastante, pola Asesoría Xurídica Provincial da Deputación, para actuar nos procedementos de contratación de servizos da Deputación de Lugo, ata a súa completa adxudicación (non se considera bastante para a formalización dos referidos contratos).

2. Achega alta no IAE, documento de pago do exercicio 2020 no epígrafe 501.1 construción completa, reparación e mantemento e declaración de non se ter dado de baixa.

3. Achega Certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida pola Axencia Tributaria de data 01-03-2021.

4. Incorpórase certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida pola Deputación de Lugo, de data 18-03-2021.

5. Achega certificación (SILTRA) que acredita estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social de data 01-03-2021.

6. Achega declaración responsable de non atoparse en concurso de acredores.

7. Achega carta de pago da Tesourería Provincial por importe de 5.168,68 euros, en concepto de garantía definitiva.

8. Acredita a solvencia mediante clasificación no grupo O, subgrupo 1, categoría 5.

9. Incorpórase informe do Servizo de Arquitectura sobre os medios persoais mínimos, de cadro de persoal, descritos na cláusula IV.1 do PPT, así como os medios materiais mínimos descritos no Anexo III do PPT.

10. Presenta designación de interlocutor responsable, con titulación de enxeñeiro técnico industrial, de conformidade co punto 22 da cláusula IV.1 do PPT que esixía titulación de enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, enxeñeiro superior ou arquitecto.

11. Presenta a documentación requirida na memoria xustificativa, que o Servizo de Arquitectura considera conforme.

- Copia da póliza de seguro de responsabilidade civil.
- Copia de xustificante de pago do último recibo da póliza de seguro de responsabilidade civil.
- Xustificante de estar inscrito nos correspondentes rexistros administrativos que lles permiten realizar as tarefas obxecto do contrato.
- Xustificante de que o conxunto de operarios asignados á execución do contrato contan con todos os carnés profesionais requiridos no PPT.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, considera cumprimentado correctamente o trámite, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, ACORDA PROPOÑER que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa CLECE S.A., a contratación do servizo de mantemento das instalacións térmicas e o control e prevención da lexiomonelosis nos centros pertencentes á Deputación de Lugo, EXP028SE20ABO. 2020/CON_01/000037, por un período de dous anos e un importe de 103.373,64 euros €, ao que se aplicará un IVE (21%) de 21.708,46 €, o que fai un total de 125.082,10 €.

2º.- A empresa comprométese a:

- Realizar o mantemento programado durante un período de dous anos pola cantidade total de 76.021,64 euros, aos que haberá que engadir 15.964,54 euros en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 91.986,18. euros.
- Realizar o mantemento correctivo ou modificativo en concepto de materiais, cunha porcentaxe de baixa sobre os prezos que figuran no tarifario do Anexo IV do Prego de prescricións técnica dun 20,00% (importe máximo: 16.000,00 euros, aos que haberá que engadir 3.360 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 19.360 euros).
- Realizar o mantemento correctivo ou modificativo en concepto de man de obra pola cantidade de 18,92 euros/hora, aos que haberá que engadir 3,97 euros en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 22,89 euros/hora (para 600 horas: 11.352,00 euros aos



que habrá que engadir 2.383,92 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 13.735,92 euros.

- Un tempo de resposta para o mantemento correctivo non programado e urxente de 2 horas.

A empresa declara que ten previsto subcontratar o tratamento de lexiionella, a analítica de potabilidade da auga e a revisión do tanque de GLP e Gasoil.

3º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

4º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

5º.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa CLECE S.A., a contratación do servizo de mantemento das instalacións térmicas e o control e prevención da lexiionelosis nos centros pertencentes á Deputación de Lugo, EXP028SE20ABO. 2020/CON_01/000037, por un período de dous anos e un importe de 103.373,64 euros €, ao que se aplicará un IVE (21%) de 21.708,46 €, o que fai un total de 125.082,10 €.

Tendo en conta a data prevista de inicio, o 1 de maio de 2021, a distribución por anualidades é a seguinte:

MANTEMENTO INSTALACIONES TERMICAS E LEXIONELOSIS (INICIO 01/05/21)				
CENTRO	APLICACIÓN	2021(8 MESES)	2022	2023(4MESES)
PAZO PROVINCIAL	9200.212	4.350,46	6.525,69	2.175,23
SANTA MARÍA	9200.212	4.350,46	6.525,69	2.175,23

MUSEO PROVINCIAL	3330.212	4.350,46	6.525,69	2.175,23
SERVIZO AUDIOVISUAIS	3241.212	2.610,28	3.915,42	1.305,14
PAZO DOS DEPORTES	3420.212	5.220,56	7.830,83	2.610,28
EDIFICIO MIÑO	9200.212	2.610,28	3.915,42	1.305,14
PARQUE MOBIL	9201.212	1.305,14	1.957,71	652,57
C.P. DE PROGRAMAS	3241.212	1.305,14	1.957,71	652,57
GRANXA PROVINCIAL	4120.212	870,09	1.305,14	435,05
C.I. TERRAS DO MIÑO	1729.212	348,04	522,06	174,02
MUSEO DE CESTERIA	2413.212	208,82	313,23	104,41
OFICINAS SANTO DOMINGO	9200.212	208,82	313,23	104,41
ESCOLA DE PIRAGÜISMO	3421.212	208,82	313,23	104,41
SAN PAIO DE NARLA	3331.212	208,82	313,23	104,41
MUSEO DO MAR	3333.212	208,82	313,23	104,41
PAZO DE TOR	3332.212	208,82	313,23	104,41
ESCOLA CAZA/PESCA TOR	1720.212	208,82	313,23	104,41
MAZO SANTA COMBA	1729.212	208,82	313,23	104,41
CLUB NAUTICO AUGASMESTAS	9330.212	208,82	313,23	104,41
CLUB NAUTICO DOADE	4321.212	208,82	313,23	104,41
CLUB NAUTICO PORTOMARIN	4321.212	208,82	313,23	104,41
CLUB NAUTICO BELESAR	4321.212	208,82	313,23	104,41
LUB NAUTICO DE BELESAR POBO	4321.212	208,82	313,23	104,41
SERVIZO RECADACIÓN	9320.212	208,82	313,23	104,41
APIARIO	1720.212	208,82	313,23	104,41
AREA LOS ROBLES	9330.212	208,82	313,23	104,41
BOLSA HORAS	9200.212	4.578,64	6.867,96	2.289,32
BOLSA MATERIAIS	9200.2121	6.453,33	9.680,00	3.226,67
SUMA		41.694,03	62.541,05	20.847,02
IMPORTE TOAL DOUS ANOS	125.082,10			

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2022 e 2023 as cantidades indicadas, nas aplicacións correspondentes.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual, os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.



2º.- A empresa comprométese a:

- Realizar o mantemento programado durante un período de dous anos pola cantidade total de 76.021,64 euros, aos que haberá que engadir 15.964,54 euros en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 91.986,18. euros.
- Realizar o mantemento correctivo ou modificativo en concepto de materiais, cunha porcentaxe de baixa sobre os prezos que figuran no tarifario do Anexo IV do Prego de prescricións técnica dun 20,00% (importe máximo: 16.000,00 euros, aos que haberá que engadir 3.360 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 19.360 euros).
- Realizar o mantemento correctivo ou modificativo en concepto de man de obra pola cantidade de 18,92 euros/hora, aos que haberá que engadir 3,97 euros en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 22,89 euros/hora (para 600 horas: 11.352,00 euros aos que haberá que engadir 2.383,92 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 13.735,92 euros.
- Un tempo de resposta para o mantemento correctivo non programado e urxente de 2 horas.

A empresa declara que ten previsto subcontratar o tratamento de lexiionella, a analítica de potabilidade da auga e a revisión do tanque de GLP e Gasoil.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2020.

1.- Escrito do Concello de Sarria, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos 281-282 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de SARRIA, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (281-282) no PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2020, infórmase o seguinte:

1.- Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.

2.- Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

- Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).*
- Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2021, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.*



- Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.
- Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.
- Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse antes do 30 de setembro de 2021 e xustificaranse antes do 15 de outubro de 2021, sendo de aplicación tamén o mesmo réxime de prórrogas.

... ”

3.- O PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 28/07/2020, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

4.- O Concello de SARRIA presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
SARRIA	281	REXENERACIÓN E RENOVACIÓN DE VÍAS MUNICIPAIS: ACCESO A ORTOÁ (SANTA MARÍA DE ORTOÁ)”, “ACCESO DENDE ORTOÁ A CURRIAL” (SAN PEDRO DE MASIDE)”, “ACCESO A VILERMA” (SAN PEDRO DE MASIDE)”, “ACCESO A LOUSADELA (SAN ESTEBAN DE LOUSADELA)”, “ACCESO A QUINTELA (SAN MAMEDE DA CHANCA)”, “ACCESO DENDE TRIBUI A SAN MAMEDE DA CHANCA (SAN MAMEDE DA CHANCA)”, “ACCESO A MUNDIN (SANTA MARÍA DE LIER)” E “ACCESO A GUITIÁN (SAN PEDRO DE FROIAN)	1531.76201	61.950,01€
SARRIA	282	AMPLIACIÓN REDE DE ABASTECIMENTO DE MANÁN, A VEIGA, CÉLTIGOS, O MATO, TOSAL, SANTO ESTEVO, LOUSADELA, REDONDELO E FONDÓN. FASE 1	1610.76201	61.469,02€

5.- Por escrito con RE nº 2021RT002417 de data 16/03/2021 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERSIÓN
SARRIA	REM	OBRAS DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN DE VÍAS MUNICIPAIS: ACCESO A CIMO DA AGRA; ACCESO A SAN XULIÁN; ACCESO DENDE ORTOÁ A GOIÁN; ACCESO A OUTEIRO (GOIÁN) E ACCESO A POLVOREIRO.	1531.76201	3.683,91€	61.950,01€	65.633,92€
SARRIA	REM	OBRAS DE EXTENSIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO EN FERREIROS, RUBÍN E SAN XULIÁN.	1610.76201	27.015,32€	61.469,02€	88.484,34€

Polo exposto, tendo en conta os expresados informes e de conformidade ás previsións contidas na lexislación patrimonial, en particular na Lei 33/2003 de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas, do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, e o Regulamento das Hortas urbanas ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo, procédese a establecer as bases que rexerán no outorgamento de uso dos bens de dominio público provincial denominado Hortos do Río Rato (2ª fase) mediante concorrencia pública, a cuxos efectos PROPONSE á Xunta de Goberno:

PRIMEIRO. Realizar a convocatoria pública de participación para a solicitude de autorización para o uso dos denominados Hortos do Río Rato (2ª fase) mediante concorrencia pública, tendo en conta o Regulamento das Hortas urbanas ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo publicado BOP nº 156 do 9 de xullo de 2020.

SEGUNDO. Aprobar as seguintes cláusulas pola que se rexera o presente procedemento:

1. Obxecto. Os hortos do Parque do Río Rato no Concello de Lugo comprenden as seguintes parcelas catastrais: 27900A531000340000WE / 27900A531000330000WJ / 27900A531000350000WS

Unha vez rematada a 1ª Fase do procedemento de autorizacións de uso dos hortos urbanos do Parque do río Rato por adxudicación directa, quedan libres 95 hortos, que son obxecto desta 2ª Fase do procedemento, e que están numerados como seguen:



1	3	16	27	32	36	45	56	64	65	66	67	68	69	70	71	72
73	74	75	76	77	78	79	80	81	82	83	84	85	86	87	88	89
90	91	92	93	94	95	96	97	98	99	100	101	102	103	104	105	106
107	108	109	110	111	112	113	114	115	116	117	118	119	120	121	122	123
124	125	126	127	128	129	130	131	132	133	134	135	136	137	138	139	140
141	142	143	144	145	146	147	148	149	150							

2. Réxime Xurídico. Principalmente, o contido na lexislación básica da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas; o Real Decreto 1372/1986 , de 13 de xuño, que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais; a lexislación non básica da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas; o seu desenvolvemento regulamentario polo Real Decreto 1373/2009, de 28 de agosto; e o Regulamento das Hortas urbanas ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo publicado no BOP nº156 do 9 de xullo de 2020.

Ademais, as partes quedan sometidas expresamente ao establecido neste prego de condicións, e a presentación de solicitudes implica a aceptación de todos os seus extremos.

En defecto das citadas normas, serán de aplicación a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e as súas disposicións de desenvolvemento.

3. Destinatarios. Son destinatarios e, no seu caso, beneficiarios da autorización de uso, as persoas ou entidades que cumpran os seguintes requisitos:

- a) *“Ser persoa física e maior de idade.*
- b) *Representante acreditado de asociacións que estean inscritas regulamentariamente no rexistro de Asociacións.*
- c) *Ser veciño de Lugo ou dalgún outro Concello lindeiro figurando como inscrito no padrón municipal correspondente.*
- d) *Estar exento de obrigas coas administracións públicas de calquera tipo.”*

Así mesmo segundo o apartado 18 do Regulamento, non poderán acudir ao procedemento de outorgamento de autorización de uso de horta urbana ecolóxica, as persoas que se atopen nos seguintes casos:

- a) *“Aqueles que convivan con algunha persoa á cal se lle asignou unha horta. Entendendo que conviven todas aquelas persoas empadroadas nun mesmo domicilio.*
- b) *Tras verse revocada a autorización de uso da horta a consecuencia da resolución dun expediente sancionador.*
- c) *Posuír terreos no concello de Lugo con potencialidade de ser cultivados, isto no caso de novas adxudicacións.”*

Poderán concorrer á presente convocatoria por si ou mediante representación, sempre que contén coa plena posesión da súa capacidade de obrar e non se atopen comprendidas en ningunha das circunstancias que sinala o artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.



4. Prazo da autorización demanial. A autorización outorgarase por un prazo de dous anos. Non será transmisíble en ningún caso.

5. Gastos esixíbles ao adxudicatario. A autorización outorgarase con carácter gratuíto e non se esixirá a constitución de garantía.

6. Forma de presentación das solicitudes de participación. Os interesados presentarán no Rexistro da Deputación Provincial en sobre pechado no que se escribirá na parte exterior "Solicitud de uso do dominio público provincial denominado Hortos Urbanos do Río Rato (Fase 2ª)" (Anexo I).

O prazo para a presentación da solicitude de participación será de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación deste procedemento no BOP.

No sobre incluírase a seguinte documentación de carácter xeral referente aos requisitos ou condicións para ser admitido no procedemento:

A/ Solicitude asinada polo interesado (Anexo I).

B/ Fotocopia do DNI ou documento que legalmente o substitúa.

C/ Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro deberán acreditar a representación mediante documento orixinal, copia auténtica, lexitimada ou fotocopia compulsada da escritura do poder do representado, e estar debidamente inscrita no rexistro mercantil (se este requisito fose esixíble), certificado da súa representación ou calquera outro documento que acredite esta representación.

D/ Certificado de empadramento do solicitante (ou autorización á Deputación de Lugo para que solicite dito certificado).

E/ Declaración responsable asinada (Anexo II) de non se atopar en causa de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa administración, e de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, de non ter débedas pendentes coa Comunidade Autónoma Galega e coa Deputación Provincial de Lugo e, de ser o caso, de estar ao corrente de pagamento coas obrigas da Seguridade Social.

F/ Acreditación dos requisitos ou circunstancias indicados na solicitude para a súa valoración no procedemento de concorrencia, se é o caso:

- Acreditación de representante da asociación e estatutos da asociación.
- Acreditación de representante de Centro Educativo ou colectivo de nais e pais.
- Inscripción no Rexistro de Asociacións.
- Vida laboral actualizada e Certificado da Oficina do Servizo Público de Emprego que acredite a condición de desempregado e o período de inscrición.
- Fotocopia da Declaración da Renda do ano 2019 de todos os membros da unidade familiar.
- Fotocopia do libro de familia e a documentación complementaria necesaria en caso de supostos especiais.
- Certificado do Instituto Nacional da Seguridade Social que acredita a condición de xubilado/a.

7. Mesa de seguimento para a autorización. O órgano de adxudicación estará asistido pola Mesa de seguimento que será o órgano competente para a cualificación e comprobación da documentación achegada polos interesados e para elevar posteriormente a correspondente proposta de outorgamento. A dita Mesa de seguimento estará composta por tres funcionarios da Área de Medio Ambiente.

8. Cualificación previa da documentación administrativa. Examinada pola Mesa esta documentación, determinarase se existe algunha causa de exclusión por incumprimento dos requisitos contidos na presente convocatoria.

A Mesa requirirá ao interesado que non autorizou a esta Deputación Provincial para solicitar o certificado de empadramento ou os certificados relativos as obrigas tributarias ou coa Seguridade Social, para que presente a seguinte documentación no prazo de 10 días hábiles, que poderá ser expedida por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos:

a) Obrigas Tributarias.

- Certificación positiva, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou declaración responsable de non estar obrigado a presentalas.



- Certificación positiva, expedida pola Administración Tributaria da Xunta de Galicia, xustificativa da inexistencia coa Administración Autonómica de débedas de natureza tributaria en período executivo ou, no caso de contribuíntes contra os que non proceda a utilización da vía de constrinximento, débedas non atendidas en período voluntario.
- Certificación administrativa expedida polo órgano competente desta Deputación polo que acredite non ter débedas en período executivo con esta.
- b) Obrigas coa Seguridade Social. Certificación positiva, expedida pola Tesouraría Territorial da Seguridade Social, de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, ou declaración responsable de non estar obrigado a presentalas.
- c) Outra documentación. Calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar coas Administracións Públicas e/ou de calquera outra circunstancia que lle reclame o órgano competente.

De non se cumprimentar axeitadamente este requirimento, entenderase que o solicitante desistiu na súa solicitude.

9. Valoración das solicitudes admitidas. No procedemento para a autorización de uso dos hortos urbanos do Parque do río Rato (2ª Fase), no caso de que o número de solicitudes admitidas supere ao número de hortos, establécese un procedemento de concorrencia no cal se valorarán aspectos de carácter social, mediante os que se establecerá unha orde de asignación das autorizacións de uso dos hortos. En todo caso, só se outorgará un horto por unidade familiar.

No procedemento de concorrencia, a puntuación máxima que un solicitante poderá acadar será de 9 puntos, distribuídos do seguinte xeito:

En caso de solicitude a título individual:

1. Ser parado/a de longa duración e demostralo coa presentación dunha vida laboral actualizada e Certificado da Oficina do Servizo Público de Emprego correspondente, na que acredite a condición de desempleado e o período de inscrición. (máximo 4 puntos):
 - Desempleado/a de longa duración + de 24 meses (incluído) (4 puntos).
 - Desempleado/a longa duración entre 12 (incluído) e 24 meses (3 puntos).
 - Desempleado/a duración inferior a 12 meses (2 puntos).

2. Ter unha renda per cápita anual que non supere ao 100% do IPREM acreditando esta situación cunha fotocopia da Declaración da Renda do ano 2019 de todos os membros da unidade familiar.

- Renda per cápita anual inferior ao 75% do IPREM (2 puntos).
- Renda per cápita anual entre o 75% e o 100% (incluído) do IPREM (1 punto).

3. Ter unha familia numerosa, condición que se acreditará mediante fotocopia do libro de familia, e a documentación complementaria necesaria en caso de supostos especiais. (máximo 2 puntos):

- Familias con máis de 3 descendentes (incluído) (2 puntos).
- Familias con 3 descendentes (1 punto).

4. As persoas xubiladas, presentando o certificado que acredita esta condición (1 punto).

En caso de solicitude como representante de Asociación ou colectivo:

5. Ser representante dunha asociación sen ánimo de lucro que actúe no campo de persoas con discapacidade, en risco de exclusión social, con colectivos vinculados ao medio ambiente... e que solicite ese horto para o colectivo da Asociación. O outorgamento de hortos para as asociacións vinculadas a persoas con dificultades de mobilidade, estará limitado ao número de hortos adaptados existentes. (5 puntos).

6. Ser representante de Centros educativos (Director ou representante legal) ou representante de Asociacións de Nais e Pais (Presidente ou representante legal) de centros educativos. (4 puntos).

No caso de solicitudes como representante de Asociación ou colectivo:

- Os solicitantes deberán acreditar a súa función dentro dos devanditos colectivos e aportar, segundo o recollido no “REGULAMENTO DAS HORTAS URBANAS ECOLÓXICAS DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO”, a acreditación de ser representante da asociación, entidade ou centro escolar; así como as escrituras da asociación e a Inscripción no Rexistro de Asociacións correspondente.



- Ao ser limitados os espazos adaptados existentes, no caso de empate a puntos realizarase un desempate mediante un sorteo.

10. Publicación de listaxe provisional. A Mesa de seguimento examinará os requisitos e circunstancias de cada unha das solicitudes admitidas no procedemento e, unha vez feito o baremo das solicitudes no caso ser necesario, publicarase unha listaxe provisional dos solicitantes coa puntuación acadada, que incluírá, no seu caso, unha listaxe de reserva, na que se incluírá, por orde de puntuación, os solicitantes admitidos que non acadan horto.

Esta listaxe estará a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo, na web da Deputación de Lugo e no Servizo de Medio Ambiente, e exporase durante un prazo de 5 días hábiles, durante o cal se poderán presentar as alegacións que se consideren.

11. Publicación da listaxe definitiva e asignación de horto. Unha vez resoltas as alegacións, publicaranse nos mesmos medios a listaxe definitiva de solicitantes admitidos para a asignación de horto e a listaxe de reservas.

No caso de producirse algún empate na puntuación de cada unha das solicitudes, resolverase a adxudicación de uso do horto mediante sorteo.

No caso de existir máis solicitudes que hortos, as solicitudes que non acadasen unha puntuación suficiente segundo o baremo para ser incluídas na listaxe anterior, formarán parte da listaxe de reserva por orde de puntuación. Esta listaxe estará numerada e a disposición dos solicitantes dos hortos, e terá unha validez de 2 anos.

A asignación individualizada de cada horto realizarase ao chou, entre os solicitantes admitidos, correspondendo un horto para cada solicitante admitido pola Mesa e por unidade familiar, nun acto público que se celebrará nas dependencias provinciais situadas na rúa San Marcos, 8 de Lugo, ás 10:00 horas do primeiro xoves do terceiro mes seguinte ao da publicación no BOP da presente convocatoria.

12. Proposta de outorgamento. Unha vez publicada a listaxe definitiva de admitidos e de reserva, e unha vez efectuado o sorteo público, a Mesa fará unha proposta de outorgamento ao órgano competente no que se indique individualmente o horto asignado a cada interesado. Dita proposta non crea dereito ningún a favor do solicitante proposto. O órgano competente poderá, sempre antes de proceder á autorización, renunciar ao seu outorgamento por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente, ou desistir do procedemento en caso de producirse unha infracción non emendable das normas de preparación ou das reguladoras do presente procedemento.

Cando o órgano competente non resolva segundo a proposta formulada pola Mesa deberá motivar a súa decisión.

O outorgamento da presente autorización de uso notificarase aos candidatos e procederase a asinar o documento administrativo de autorización de uso do dominio público.

13. Xurisdición Competente. As diferenzas que poidan xurdir entre a Deputación de Lugo e o adquirente en canto á interpretación, modificación, resolución e efectos destas cláusulas serán resoltas polo respectivo órgano provincial poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Todos os litixios, preitos ou cuestións xudiciais que deriven desta transmisión de titularidade someteranse aos Tribunais competentes con xurisdición en Lugo.

14. Consello de hortas. Segundo o establecido no Regulamento das hortas urbanas ecolóxicas e, a efectos de realizar o seguimento da xestión das hortas, co fin de acreditar a conformidade das labores realizadas polos usuarios ao establecido no Regulamento e na demais normativa que poida resultar de aplicación, e sen prexuízo das responsabilidades que poidan recaer sobre os adxudicatarios das hortas, deberase constituír un Consello de hortas, atendendo ás disposicións recollidas no Regulamento.

15. Consideracións de carácter ambiental. As diferentes cláusulas ou puntos, de carácter medioambiental, que os usuarios deberán respectar e ter en conta, baséanse de xeito xeral no recollido nos apartados “XIII. Dereitos”, “XIV. Prohibicións”, “XV. Obrigas” e “XVI. Normas



ambientais”, reflectidos no Regulamento das hortas urbanas ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Mais polo miúdo:

“XIII. Dereitos

36.- Os adxudicatarios das hortas terán dereito a traballala parcela adxudicada e a desfrutar dos seus produtos.

XIV. Prohibicións

37.- As hortas dedícaranse única e exclusivamente a horta familiar, cultivándose só especies para o consumo humano, en consecuencia, non poderán ser destinados a outras finalidades, quedando expresamente prohibido:

- a) O cultivo de plantas degradantes do solo.*
- b) O cultivo de plantas psicotrópicas e/ou prohibidas pola Lei, así como aquelas declaradas como invasoras pola Administración.*
- c) Modificar a estrutura da parcela.*
- d) A realización de ningún tipo de obra e, en concreto, a instalación de calquera cerramento ou separación, churrasqueiras, táboas fixas ou bancos, nin levantar ou instalar espantallos, casetas, galpóns ou edificacións de calquera tipo, xa sexan con materiais artificiais ou naturais, nin a construción ou instalación de novos elementos ou modificación dos existentes, sen autorización da Excma. Deputación de Lugo.*
- e) O cultivo de árbores, arbustos e cultivos permanentes. Os cultivos de plantas anuais non terán limitación de altura.*
- f) Usar a horta como depósito ou almacén de materiais ou mobiliario.*
- g) A comercialización, pola forma que sexa, dos produtos obtidos no cultivo da horta.*
- h) A acumulación ou abandono de calquera material alleo á función da horta susceptible de alterar a estética do lugar.*
- i) Alterar os camiños aos terreos colindantes coas hortas.*
- j) Exceder os límites marcados de cada unha das hortas. Mover os marcos que delimitan os hortos. Ao usuario obrígaselle a executar o seu traballo dentro dos límites do horto adxudicado, sen exceder a súa actividade máis alá dos límites establecidos da horto.*
- k) Instalar galiñeiros e/ou gaiolas para a cría ou tenencia de calquera animal, así como a presenza de animais na horta.*

l) A construción de pozos.

m) Queimar os restos xerados na horta ou realizar algún tipo de lume.

n) Lanzar os restos xerados na horta ou restos de desbroces e limpeza a outras hortas ou solares e non separar correctamente os residuos xerados para a súa posterior reciclaxe.

o) A cesión, préstamo ou arrendamento da horta a un terceiro. No caso de compartir o coidado do horto con algunha persoa deberá informarse en tempo e forma a Deputación de Lugo, sobre este particular.

p) Deixar a horta sen traballar. Neste caso de imposibilidade temporal, o adxudicatario deberá xustificala debidamente ante o técnico das hortas. De non ser así, procederá a revocación da autorización.

q) Circular polo interior do recinto da hortas con vehículo de motor, sen prexuízo da posibilidade de utilizar ferramentas agrícolas de motor.

r) Calquera outro uso que non estando previsto anteriormente e produza molestias, malos olores, limite o uso e satisfacción do resto de usuarios das hortas ou afecten ao entorno do lugar.

s) Como se cita mais adiante estará totalmente prohibido o uso de material fitosanitario ou o uso de produtos para o control de pragas e enfermidades que non sexan aprobados pola Servizo de Medio Ambiente.

XV. Obrigas

38.- Os compromisos adquiridos polo adxudicatarios son:

a) Os adxudicatarios están obrigados a facer uso das hortas persoalmente.

b) Os adxudicatarios comprométense a seguir as indicacións que lles dean os técnicos da responsables de coordinar a actividade, colaborar na forma asignada no mantemento das instalacións, mantemento do orden e asegurar o bo funcionamento das hortas.

c) Os adxudicatarios haberán de manter o entorno das súas parcelas en perfecto estado, limpo e libre de todo tipo de herbas e plantas espontáneas, así como facer uso axeitado dos espazos comúns.

d) Cada adxudicatario poderá empregar a súa propia ferramenta manual para o cultivo da horta asignada. A administración en ningún caso se fará responsable das roturas, extravío ou desaparición das ferramentas propias de cada usuario.

e) A Deputación de Lugo porá a disposición dos usuarios dos hortos de ferramenta para o traballo nos hortos, esa ferramenta será utilizada e almacenado segundo as directrices dos responsables da Administración.



No caso dalgún tipo de maquinaria como motocultor etc... o seu uso será compartido seguindo as directrices da Administración.

f) Ao finalizar o período de cesión das hortas, cada participante deberá deixar a súa horta e espazo na caseta, limpas e baleiras, de non ser así non se lles devolverá a fianza.

e) Os adxudicatarios comprométense a reparar ou repoñer aqueles bens ou utensilios que resulten danados, derrubados ou extraviados polo uso inapropiado dos mesmos.

g) A Excma. Deputación de Lugo no se fará responsable dos roubos ou actos vandálicos que poidan afectar ás hortas.

h) Os dereitos de uso da horta non poderán ser en ningún caso, obxecto de transmisión a terceiros.

XVI. Normas ambientais

39.- Non se poden utilizar produtos de limpeza ou outros que contaminen o terreo. O cultivo da horta farase de xeito respectuoso co medio ambiente seguindo os manexos da agricultura ecolóxica, estando expresamente prohibido o uso de produtos herbicidas, praguicidas e abonos químicos, a excepción dos permitidos na produción ecolóxica.

40.- Os adxudicatarios comprométense a respectar as normas da agricultura ecolóxica, especialmente as relativas ao aforro de auga usando a instalación de rego por goteo, o emprego de fertilizantes orgánicos e o uso de produtos respectuosos có medio ambiente.””

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABAJO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o plan de Seguridade e Saude da obra que se indica, presentado por o contratista adjudicatario, en cumprimento do disposto no art. 7 do R.D. 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saude nas obras de construción, e informes emitidos polos directores técnicos das obras e polos servicios Técnicos desta Excma. Deputación, propónse á Xunta de Goberno que se adopte o seguinte acordo:

1. Aprobar o Plan elaborado para a súa aplicación ás obras que se relacionan.

2.- Comunicar esta aprobación ós directores técnicos e contratistas, para o seu cumprimento durante a execución das obras.

Obra da que se aproba o Plan de Seguridade e Saude:

Obra: PARADELA - O SAVIÑO: REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P- 4201 "PACIOS (LU-633) - MOSTEIROVELLO - LU-611", PK 0+000 A 1+235, 1+405 A 1+810 E 3+435 A 4+200, LU-P-4205 "ALDOSENDE (LU-P-4202)-FEASITA - FOILEBAR (LU-P-4201)", 2+331 AL 5+924 E LU-P-5818 "LU-P-4202-VILA", PK 0+000 A 6+334 (EX019OB20AB).

Contratista: OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

10.- PROPOSTA RELATIVA Á PERDA DO DEREITO AO COBRO DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS POLO PROCEDEMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS Á REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL, ANUALIDADE 2019.

Logo de ver a proposta da Deputada Área de Cultura, Patrimonio Histórico-Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

“En relación aos expedientes de xustificación das entidades asociativas culturais que se reflicten na listaxe anexa, correspondentes ás subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno do día 28 de novembro de 2019, ao abeiro da convocatoria do procedemento de concorrência competitiva para a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades de interese cultural, ano 2019, convocado mediante extracto da convocatoria publicado no BOP nº 78, de data 4 de abril de 2019.



Visto o informe do Servizo de Cultura, no que se indica que

“1.- Na Xunta de Goberno do día 29 de marzo de 2019, aprobáronse, entre outros asuntos, as bases da convocatoria, en réxime de concorrência competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2019, así como o gasto correspondente e os modelos de solicitude que deberían de rexer no procedemento de concorrência para a concesión.

2.- Con data 4 de abril de 2019, a convocatoria publícase no Boletín Oficial da Provincia número 78 pola Base de Datos Nacional de Subvencións, concedendo un prazo de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes, a contar dende o día seguinte á publicación no BOP do extracto da convocatoria.

3.- Con data 11 de decembro de 2019, por acordo da Xunta de Goberno, aprobouse a concesión de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2019, así como as solicitudes desestimadas.

4.- Con data 19 de decembro de 2019, dáse publicidade no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 290, a listaxe de subvencións concedidas e desestimadas pola Xunta de Goberno de data 11 de decembro de 2019.

5.- A cláusula 11 das referidas bases, denominada “Xustificación e aboamento das subvencións”, recolle a documentación que as entidades beneficiarias teñen que presentar para proceder ao pago da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa.

6.- A cláusula 12 das mesmas bases, baixo o epígrafe “ Prazos de xustificación”, prevé: “ Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizárase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade e, en calquera caso, rematará o 31 de marzo de 2020.

(...)

Logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada diante desta Deputación, o órgano de xestión requirirá ao beneficiario da mesma para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta

de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención –previo trámite do expediente- (...) de conformidade con canto se establece no artigo 16 da Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no art. 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no art. 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

Na declaración de perda de dereito (...) tramitarase o correspondente procedemento con audiencia do interesado”.

7.- Con data 14 de marzo de 2020, mediante o Real Decreto 463/2020, o Goberno do Estado, declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, no que se sinala:

“1. Se suspenden términos y se interrumpen los plazos para la tramitación de los procedimientos de las entidades del sector público. El cómputo de los plazos se reanudará en el momento en que pierda vigencia el presente real decreto o, en su caso, las prórrogas del mismo.

2. La suspensión de términos y la interrupción de plazos se aplicará a todo el sector público definido en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Común de las Administraciones Públicas”.

Con data 30 de maio de 2020, o BOE fai pública a seguinte disposición: “Instrucción de 28 de mayo de 2020 de la Dirección General de Seguridad Jurídica y Fe Pública sobre levantamiento de la suspensión de plazos administrativos” onde se sinala:

“Décimo.- Con efectos desde el 1 de junio de 2020, se deroga la disposición adicional tercera del Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, relativa a la suspensión de plazos administrativos. Desde esa misma fecha, el cómputo de los plazos que hubieran sido suspendidos se reanudará, o se reiniciará, si así se hubiera previsto en una norma con rango de ley aprobada durante la vigencia del estado de alarma y sus prorrogas”.

Con arreglo ao exposto o día 14 de marzo de 2020, quedaron en suspenso os prazos para a xustificación das subvencións, restando 18 días para o remate dos prazos establecidos nas bases da convocatoria.

Como queira que o día 1 de xuño de 2020, levántase o a suspensión de prazos administrativos, procede reanudar o cómputo dos prazos, quedando fixado o remate do prazo para a presentación das contas xustificativas para o día 18 de xuño de 2020.

8.- Unha vez rematados os prazos de presentación das contas xustificativas, correspondentes ás entidades culturais relacionadas, constátase que non presentaron a



documentación sinalada nas Bases da Convocatoria para a xustificación das subvencións concedidas. Por este motivo a Presidencia desta Deputación, resolveu, con data 12 de agosto de 2020, requirir ás Asociacións Culturais que se relacionan, para que no prazo improrrogable de 15 días, presenten a documentación requirida, advertíndoselles que a non presentación da documentación xustificativa requirida no prazo sinalado, levará consigo a perda do dereito ao cobro da subvención, previo trámite do expediente.

9.- Con data 24 de agosto de 2020, envíase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada.

10.- Transcorrido o citado prazo de 15 días e non sendo atendido o citado requirimento polas asociacións relacionadas a Presidencia desta Excmá Deputación de Lugo, revolveu, con data 21 de outubro de 2020, iniciar o expediente de perda de dereito ás subvencións de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, no ano 2019, aprobadas pola Xunta de Goberno de 11 de decembro de 2019, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS.

11.- Con data 26 de outubro de 2020, envíase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada, na que se lles comunica, que segundo a Resolución da Presidencia citada, dispoñen dun prazo de 10 días de trámite de audiencia segundo o establecido no artigo 82 da Lei 39/2005, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes e que xa les foron requiridos no seu momento.

12.- Transcorrido o prazo de 10 días, establecido para o trámite de Audiencia, as Asociacións Culturais citadas, non presentaron, neste Organismo, a conta xustificativa requerida no punto 11 das Bases da Convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2019.”

Tendo en conta o sinalado pola Xefatura de Servizo da Área de Cultura, Patrimonio Histórico-Artístico e Normalización Lingüística, a Deputada Delegada que subscribe, propón á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos.

Primeiro.- Que se declare a perda do dereito ao cobro total das subvencións concedidas, ás Asociacións relacionadas, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 11 de decembro de 2019,

polo que se resolveu o concurso de subvencións destinadas a actividades de interese cultural realizadas por entidades asociativas, ano 2019, convocado mediante anuncio publicado no BOP nº 290 de 19 de decembro de 2019, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS, e puntos 11 e 12 das Bases da convocatoria sinalada, e despois de transcorrer o prazo de audiencia establecido no artigo 82 da Lei 39/2005, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Segundo.- Que se notifique aos interesados o acordo adoptado pola Xunta de Goberno.

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	IMPORTE
AMIGOS DA TROULA	CALLO FEST.	783,00
ASOC COMERCIANTES BEIRAS DE VIVEIRO	FESTA DO NADAL.	671,00
ASOC DE VECIÑOS DE QUINZÁN DA VILA	CURSO DE INFORMÁTICA.	579,00
ANPA DO CEIP VELEIRO DE CAMPO, CASTRO DE RIBERAS DE LEA	CURSO DE INGLÉS.	727,00
ASOC CANAVEIRA	XORNADAS CULTURAIS ARREDOR DA CERÁMICA TRADICIONAL DA COMARCA DA TERRA CHA.	1.043,00
ASOC A BICA DE PIÑEIRO	VIAXE CULTURAL.	542,00
ASOC ENTROPIA FOLK	ENCONTRO GAITEIRO E CANTOS DE TABERNA.	950,00
ASOC CIVICO CULTURAL SEMPRE FOZ	MOVEMENTO ARTÍSTICO POLA PAZ: RECITAL, CONFECCIÓN PINTURA MURAL, PUBLICACIÓN LIBRO.	672,00
ASOC CULTURAL XAQUEDRUM	CUADERNILLOS DIDÁCTICOS: ATACANDO AO REI.	672,00
AMURAXE	CURSO COCIÑA TRADICIONAL E VIAXE CULTURAL.	858,00

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO DE REINTEGRO DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE MELLORA DO ABASTECIMENTO E DA CALIDADE DA AUGA NO MEDIO RURAL MEDIANTE O APROVEITAMENTO EFICIENTE DOS RECURSOS HÍDRICOS, ANO 2016



Logo de ver a proposta do Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“1.- A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 3 de febreiro de 2017, con base na proposta do Deputado Delegado, e segundo a proposta da Comisión de valoración, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBHIDR2-2016-035, correspondente á Asociación de Veciños Pico Mouro (Trabada), destinada as obras de “Reparación red agua en Trabadelas”, concedéndolle unha subvención por importe de 10.000,00 €, incluída no Programa de mellora do abastecemento e da calidade da auga no medio rural mediante o aproveitamento eficiente dos recursos hídricos, ano 2016, *Liña 2.- Axudas para a mellora e acondicionamento de redes de abastecemento de auga (instalacións xa existentes.*”

2.- Por resolución da presidencia, de data 4 de outubro de 2017, resolveuse:

“Aprobar a solicitude de anticipo da subvención outorgada a favor da Asociación de Veciños Pico Mouro (Trabada), tramitada co número de expediente SUHIDR2-2016-035, PARA A REALIZACIÓN da obra “Reparación red agua en Trabadelas” por un importe de 9.500,00 € (95% da subvención outorgada) así como o aboamento do mesmo”.

3.- Con data 30 de outubro de 2017, no prazo establecido, a Asociación Pico do Mouro presentou a conta xustificativa correspondente á devandita subvención.

4.- Con data 21 de decembro de 2017 polo enxeñeiro técnico agrícola, don Manuel Pérez Gómez, adscrito a Unidade de Plans Especiais da Deputación Provincial de Lugo, emítese informe no que se acredita que as obras realizadas non se corresponden coas que constan na memoria valorada.

5.- Con data 18 de xaneiro de 2018 o adxunto ao xefe de Servizo Cooperación e Asistencia aos Concellos emite informe no que a vista do incumprimento no que incorreu o beneficiario, e tendo en conta tanto o establecido nas Bases da convocatoria que rexen a subvención outorgada, como na normativa concordante de aplicación, conclúese que procede o inicio dos procedementos

para declarar a procedencia da perda do dereito ao cobro da subvención outorgada e o reintegro do anticipo transferido á Asociación Veciños Pico do Mouro (Trabada).

6.- Con data 2 de febreiro de 2018 remítese o expediente ao Servizo de contratación e fomento, con data 5 de febreiro de 2020, devolvese facendo constar que non é obxecto de informe algún por parte da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento.

7.- A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 21 de febreiro de dous mil vinte, adoptou entre outros, os seguintes acordos:

“1º.- Iniciar o procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito ao cobro da subvención outorgada a Asociación Veciños Pico Mouro (Trabada), por importe de 10.000,00 €, para a realización das Obras de “Reparación red agua en Trabadelas”, por incumprimento da condición establecida con motivo da concesión da subvención, ao non executar as obras axustándose aos termos da memoria valorada presentada conxuntamente coa solicitude, conforme ao o regulado no artigo 89.2 do Real Decreto 887/2006, e os artigos 37 e 42 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

2º.- Iniciar o procedemento de reintegro de subvención contra a Asociación Veciños Pico Mouro (Trabada), co alcance do anticipo abonado por importe de 9.500,00 €, para a realización das Obras de “Reparación red agua en Trabadelas”, por incumprimento da condición establecida con motivo da concesión da subvención, ao non executar as obras axustándose aos termos da memoria valorada presentada conxuntamente coa solicitude, condicionando o mesmo a resolución do procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito ao cobro da subvención.

3º.- Notifíquese ao interesado o citado acordo de inicio do procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da subvención así como o inicio de procedemento de reintegro do anticipo concedido, con indicación da posibilidade de efectuar, contra o mesmo, as alegacións que considere apropiadas aos seus dereitos e lexítimos intereses, así como aportar a documentación que, aos mesmos efectos, considere apropiada, concedéndoselle para iso un prazo de quince días (artigo 94.2 do RD 887/2006).



4º- Nomear instructor do procedemento a D. José López-Cancelos Rodríguez.”

8.- Dende o Servizo de Cooperación e Asistencia aos Concellos notificouse, o 5 de marzo de 2020 á Asociación de Veciños Pico Mouro o contido do acordo da Xunta de Goberno.

9.- Tendo en conta que a Asociación de Veciños Pico Mouro non presentou alegacións dentro do prazo do trámite de audiencia.

10.- Dende a Tesouraría da Deputación emitíuse o seguinte informe relativo ao calculo dos xuros de mora:

CÁLCULO DE XUROS DE MORA SUBVENCÍONS

ENTIDADE: ASOCIACIÓN DE VECIÑOS PICO MOURO-TRABADELA

REINTEGRO SUBVENCIÓN SERVIZO COOPERACIÓN COS CONCELLOS

SUBVENCION CONCEDIDA: 10.000 ,00 EUROS

- PAGAMENTO: 9.500,00 EUROS O 25/10/2017

CANTIDADE A REINTEGRAR: 9.500,00 EUROS

- DATA DE REINTEGRO: 26/03/2021

DENDE	ATA	DÍAS	CAP.ACUM.	% XUROS	TOTAL
25/10/2017	31/12/2017	68	9.500,00	3,75	66,37
01/01/2018	31/12/2018	365	9.500,00	3,75	356,25
01/01/2019	31/12/2019	365	9.500,00	3,75	356,25
01/01/2020	31/12/2020	366	9.500,00	3,75	356,25
01/01/2021	26/03/2021	85	9.500,00	3,75	82,96
				TOTALXUROS	1.218,08

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Declarar a perda do dereito ao cobro da subvención outorgada a Asociación Veciños Pico Mouro (Trabada), por importe de 10.000,00 €, para a realización das Obras de “Reparación red agua en Trabadelas”, por incumprimento da condición establecida con motivo da concesión da subvención, ao non executar as obras axustándose aos termos da memoria valorada presentada

conxuntamente coa solicitude, conforme ao o regulado no artigo 89.2 do Real Decreto 887/2006, e os artigos 37 e 42 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

2º.- Declarar a obriga da Asociación de Veciños Pico Mouro de reintegrar o importe da cantidade recibida, en concepto de anticipo, por importe de (9.500,00 €) e o importe dos xuros de mora na contía de (1.218,08 €), resultando un importe a reintegrar de (10.718,08 €).

3º.- O pago da cantidade total endebedada (10.718,08 €) deberá efectuarse na conta da entidade ES04 2080 0163 8531 10000423, indicando o concepto “Reintegro EXP SUBHIDR2-2016-035”, nos seguintes prazos:

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, o prazo finalizará o día 20 do mes posterior, ou se este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte.

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, o prazo finalizará o día 5 do segundo mes posterior, ou se este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen facerse efectiva a débeda, determinará o inicio do procedemento de apremio, o devengo dos xuros de mora e dos recargos do período executivo nos termos previsto no artigo 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria en relación co artigo 10 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

12.- PROPOSTA SOBRE RENUNCIAS DE SUBVENCIONES DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL.

Logo de ver a proposta da Deputada de Cultura, Patrimonio Histórico-Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:



“En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, celebrada o día 28 de novembro de 2019, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 78, do día 4 de abril de 2019, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2019, propoño:

Que pola Xunta de Goberno, se procede, se aprobe as seguintes renuncias:

Nº EXPEDIENTE	ENTIDADE	SUBVENCIÓN
8.833	FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA	1.211,00
9.793	ASOCIACIÓN OBRADOIRO DE CULTURA TRADICIONAL A VOLTA DO AGRO	746,00
9.847	ASOC. CULTURAL DE VECINOS Y COMERCIANTES DE LA RESIDENCIA LUGO (ASCORELU)	465,00

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

13.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

14.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.